

Guía didáctica

I. O MUNDO QUE HABITAMOS



Lingua Galega 4º ESO - Alexandra Pacheco
Tecnoloxía 4º ESO - Ana Moreira

BauGal 1. O mundo que habitamos - GUÍA DIDÁCTICA

Lingua galega e literatura

4º ESO

1. Introducción

Neste proxecto, os estudantes de 4º de ESO na materia de Lingua galega e literatura traballarán en profundidade a partir dos tipos de texto, enfocándose en aspectos clave da lingua galega, en especial ao redor da arquitectura tradicional galega e o vocabulario relacionado coa vivenda e a construción.

A través de actividades prácticas e teoría aplicada, o alumnado desenvolverá as súas competencias lingüísticas tanto orais como escritas, con especial atención ás propiedades de coherencia e cohesión.

A situación de aprendizaxe tamén implicará a investigación sobre elementos arquitectónicos da nosa tradición construtiva, levando a cabo unha descrición detallada e precisa. Este enfoque está orientado a mellorar a capacidade de expresión do alumnado, tanto para a comunicación diaria como para a súa futura expresión escrita ou oral en diferentes contextos.

2. Obxectivos

OBX1. Describir e apreciar a diversidade lingüística da Península Ibérica e do mundo, analizar a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, do portugués, catalán e éuscaro) e as características dialectais do galego para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuizos, valorar a diversidade e crear vínculos socioafectivos coa lingua galega.

OBX2. Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.

OBX3. Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.

OBX4. Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma, avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.

OBX5. Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.

OBX6. Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.

OBX8. Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.

OBX9 .Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de recepción crítica.

OBX10. Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.

3. Contidos e criterios de avaliación

Contidos gramaticais e lingüísticos:

- Características dos tipos de texto: narrativo, descriptivo, expositivo, argumentativo, etc.
- Propiedades de coherencia e cohesión nos textos escritos.
Uso adecuado de conectores, sinónimos e outras ferramentas que melloren a fluidez e a cohesión textual.
- Vocabulario específico relacionado coa vivenda e a construción en galego (elementos arquitectónicos, partes dunha vivenda, materiais de construción, etc.).
- Técnicas de descrición detallada e precisa.

Contidos culturais e literarios:

- Elementos da arquitectura tradicional galega: hórreos, pazos, fontes, cruceiros, etc.
- O valor da descrición como recurso literario e comunicativo na literatura galega.

Criterios de avaliación:

Bloque 1. As linguas e os seus falantes

CA1.2. Recoñecer e valorar as variantes dialectais do galego, identificando os trazos fónicos, gramaticais e léxicos máis característicos dos bloques e das principais áreas lingüísticas, establecendo as diferenzas respecto da norma e distinguindo estes trazos dos sociolectais e de rexistro en manifestacións orais, escritas e multimodais.

CA1.3. Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal a partir da análise da diversidade lingüística da contorna escolar e social próxima e da exploración e reflexión sociolingüística sobre os fenómenos de contacto entre linguas e da indagación dos dereitos lingüísticos individuais e colectivos.

CA1.5. Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social, partindo da información seleccionada.

Bloque 2. Comunicación

CA2.1. Comprender e valorar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais, escritos e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos e avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.

CA2.2. Realizar exposicións e argumentacións orais e escritas de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social, educativo e profesional axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.

CA2.3. Participar de maneira activa e axeitada en interaccións orais informais e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.

CA2.4. Comprender, valorar e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.

CA2.5. Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.

CA2.6. Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e reelaborala e comunicala de maneira creativa adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.

CA2.7. Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.

CA2.8. Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e solucionar os problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.

CA2.9. Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.

CA2.10. Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos, procurando consensos, tanto no ámbito persoal como no educativo e no social.

Bloque 4. Reflexión sobre a lingua

CA4.1. Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.

CA4.2. Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e solucionar os problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.

CA4.3. Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.

Actividade da unidade	Obxectivos traballados	Criterios de avaliación
Lectura e análise de textos descritivos sobre vivendas galegas	OBX2, OBX4, OBX9	CA2.1 (comprensión de textos orais, escritos e multimodais) CA2.4 (comprensión lectora) CA2.8 (revisión e comprensión)

Redacción dun texto descritivo sobre unha vivenda tradicional galega	OBX3, OBX5, OBX9	CA2.2 (producción escrita coherente) CA2.5 (planificación textual) CA4.1 (precisión léxica, corrección) CA4.2 (revisión de textos)
Revisión guiada de textos: coherencia, cohesión, léxico técnico	OBX5, OBX9	CA2.5 (planificación textual) CA4.1 (riqueza e corrección lingüística) CA4.2 (revisión textual) CA4.3 (relación entre propósito e eleccións lingüísticas)
Investigación sobre os tipos de vivenda galega (fontes diversas, fichas, webs...)	OBX6	CA2.6 (procura e contraste de fontes) CA2.7 (uso crítico das TIC) CA1.5 (traballos de investigación)
Posta en común oral das investigacións por grupos	OBX3, OBX10	CA2.3 (interacción oral) CA2.9 (linguaxe non discriminatoria) CA2.10 (resolución dialogada de conflitos)
Reflexión sobre a vivenda como patrimonio e identidade cultural galega	OBX1, OBX8, OBX10	CA1.2 (variedades dialectais e norma) CA1.3 (prexuízos lingüísticos) CA3.6 (relación entre textos e patrimonio cultural) CA2.9 (linguaxe inclusiva)

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

A competencia comunicativa é o eixo central da unidade. O alumnado comprende e analiza textos descritivos, tanto orais como escritos, sobre distintos tipos de vivendas galegas, ao tempo que produce os seus propios textos escritos con coherencia, léxico técnico e revisión lingüística. Na exposición oral das investigacións e na revisión por parellas practican a expresión oral formal e a interacción dialogada, fomentando actitudes de escoita activa e cortesía lingüística.

Competencia dixital

A investigación sobre vivendas galegas, así como a redacción dos textos e presentacións, implica o uso autónomo e crítico das tecnoloxías da información e a comunicación para buscar información, contrastala e reelaborala. Ademais, promóvese o uso responsable da tecnoloxía ao tratar cuestións como a fiabilidade das fontes e a propiedade intelectual.

Competencia persoal, social e de aprender a aprender

O traballo en grupo para analizar e expoñer as características das vivendas tradicionais fomenta habilidades de cooperación, organización e resolución de conflitos. A elaboración e revisión de textos, así como a reflexión sobre o patrimonio, axudan ao alumnado a tomar conciencia do propio proceso de aprendizaxe, a identificar erros e a mellorar as súas estratexias.

Competencia cidadá

A unidade favorece a reflexión sobre a vivenda como elemento do patrimonio cultural galego, reforzando o sentido de pertenza, a responsabilidade compartida e o respecto pola diversidade lingüística e arquitectónica. A análise da vivenda tradicional tamén serve para valorar o impacto social, histórico e identitario das transformacións culturais.

Competencia en conciencia e expresións culturais

O estudo da vivenda como reflexo da cultura galega traballa esta competencia de maneira directa. O alumnado interpreta as vivendas como produtos culturais e artísticos, recoñecendo os seus valores estéticos, históricos e sociais. Ademais, a comparación con outras formas arquitectónicas permite establecer pontes entre a tradición e a contemporaneidade, integrando coñecementos e sensibilidades diversas.

Metodoloxía de aplicación

O alumnado traballará nun proxecto que incluíra actividades de investigación, redacción, role-playing e exposición de ideas. Este enfoque permite que os estudantes se impliquen de forma activa na súa aprendizaxe, resolvendo problemas reais e aplicando os coñecementos adquiridos de maneira significativa. A tarefa final será a culminación do proxecto, onde o alumnado deberá investigar e describir un elemento arquitectónico galego, integrando todas as competencias traballadas.

Aprendizaxe cooperativa: Fomentar o traballo en equipo, onde os estudantes se axudan mutuamente, compartindo coñecementos e recursos, e así desenvolvendo as súas habilidades sociais e comunicativas. As actividades de role-playing e as presentacións orais serán especialmente útiles para mellorar a capacidade de interacción entre os compañeiros.

Aprendizaxe individualizada: Adaptación das actividades ás diferentes necesidades do alumnado. Para os estudantes que necesiten máis apoio, ofrecerase material adicional, exemplos prácticos e feedback individualizado. Para aqueles que necesiten máis reto, facilitarase material avanzado e actividades adicionais que lles permitan profundar máis no tema.

Aprendizaxe activa: O alumnado participará de forma activa na construción de coñecemento, realizando actividades de investigación sobre vocabulario e elementos arquitectónicos galegos, así como a redacción de textos coherentes e cohesivos.

Traballo en equipo: A través de actividades cooperativas como investigacións conjuntas ou traballos de campo, o alumnado poderá compartir coñecementos e mellorar a súa capacidade de colaborar. As presentacións en grupo tamén favorecerán a aprendizaxe compartida.

4. Tipos de actividades

- **Role-playing:** Simulación de situacións reais ou imaxinarias onde os estudantes practican a comunicación oral e a creación de discursos adecuados ao contexto.
- **Redacción de textos:** Actividades de escrita centradas na coherencia e cohesión textual, utilizando vocabulario aprendido e traballando sobre descrições detalladas.

- **Debates:** Discusións sobre a importancia da arquitectura galega, os tipos de vivendas ou a súa relación co medio ambiente e o clima.
- **Investigación:** Realización dunha investigación sobre un elemento arquitectónico galego.
- **Exercicios de vocabulario:** Actividades para aprender e aplicar vocabulario técnico relacionado coa vivenda e a construción.
- **Análise de textos non literarios:** Lectura e análise de textos descriptivos que traten a arquitectura ou a descrición de espazos.

5. Estratexias de atención á diversidade e á convivencia

Diferenciación pedagóxica: Adaptación das actividades para os diferentes niveis de comprensión e expresión, garantindo que todos os estudantes poidan participar activamente.

Traballo cooperativo: Fomentar o traballo en grupo para mellorar as habilidades de colaboración e promover a convivencia entre os estudantes. Varias das tarefas que se propoñen ao longo da secuencia...

Uso de materiais visuais: Apoio a través de imaxes, diagramas ou vídeos que axuden a ilustrar os conceptos de vocabulario e descricións arquitectónicas, como é o caso da presentación-estímulo inicial ou o vídeo interactivo para traballar diferentes aspectos de vocabulario.

Educación emocional: Promover un ambiente de respectuosa convivencia e empoderamento dentro da aula, animando aos estudantes a compartir as súas ideas e a aprender da diversidade de perspectivas. Por exemplo, coa actividade “Habitamos xuntas”, onde se busca describir unha vivenda ideal onde convivan diferentes persoas (familias de orixes diferentes, persoas con discapacidade, maiores e mocidade, etc.).

6. Instrumentos de cualificación

- **Fichas de observación:** Utilizadas para avaliar a participación oral, a capacidade de adaptación ao contexto e o traballo en equipo.

- **Rubricas de avaliación:** Para valorar a organización, coherencia, vocabulario, e detalle nas descrições dos textos escritos.
- **Exercicios prácticos:** Cuestionarios ou test sobre vocabulario e tipos de texto, co fin de verificar a comprensión dos contidos.